

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o prego técnico “PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE COLEXIOS DO CONCELLO DE PONTEAREAS” .

Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

Descrición: PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE COLEXIOS DO CONCELLO DE PONTEAREAS	CPV: - 90919300-5- Servizo de limpeza de escolas.
Valor estimado: 679.392,00€	
Lote 1: 258.816,00 €	
Lote 2: 194.112,00 €	
Lote 3: 226.464,00 €	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 169.848,00€	IVE%: 35.668,08 €
Orzamento base de licitación IVE incluído: 205.516,08€	
Lote 1: 64.704,00 €	
Lote 2: 48.528,00 €	
Lote 3: 56.616,00 €	
Duración da execución: 2 anos	Duración máxima: 4 anos

Visto que se redactou e incorporou ao expediente os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, que han de rexer a adxudicación do contrato.

Visto o informe de Secretaría de data 14 de decembro de 2022.

Visto o informe favorable de Intervención de data 15 de decembro de 2022.

Á vista das características e do importe do contrato óptase pola adxudicación mediante procedemento aberto simplificado.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.



RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado sumario para PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE COLEXIOS DO CONCELLO DE PONTEAREAS , convocando a súa licitación.

SEGUNDO: Aprobar o gasto correspondente para a realización PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE COLEXIOS DO CONCELLO DE PONTEAREAS.

TERCEIRO: Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

CUARTO: Publicar o anuncio de licitación no perfil do contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

QUINTO: Publicar no perfil do contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

SEXTO: Designar á unidade técnica formada por:

- Presidenta: Yolanda Carballido Martínez, funcionaria interina administrativo do Concello de Ponteareas, e no seu caso, empregado/a público/a que designe o Alcalde.

- Vogais:

- M^a Teresa Carrera Costal, funcionaria de carreira auxiliar administrativo do Concello de Ponteareas, e no seu caso, empregado/a público/a que designe a Alcadesa.

-A interventora do Concello, Ana M^a Rial Acosta e no seu caso, persoa que a substitúa.

-O Secretario do Concello Carlos López Quintáns e no seu caso, persoa que o substitúa .

-Secretaria: Angelina Carrera Márquez funcionaria de carreira auxiliar administrativo do Concello de Ponteareas, e no seu caso, empregado/a público/a que designe o Alcalde.

SÉTIMO: Finalizado o prazo de presentación de proposicións, procederáse á apertura das proposicións en acto público e á súa valoración.

OITAVO: Efectuada a valoración das proposicións e a proposta de adxudicación, comprobaráse no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas, que o adxudicatario proposto cumpre cos requisitos necesarios de capacidade e procederáse á adxudicación do contrato.



A Alcaldesa, María Cristina Fernández Davila
(documento asinado dixitalmente)

